

A BAÑARSE!

Texto e ilustracións de TARO GOMI

Tradución de MAKI FUKUHARA

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 20 x 24 cm. 40 páx. 16 €

FINALISTA XXIX PREMIO ANDERSEN (ITALIA)

A bañarse! (galego)

ISBN 978-84-1343-233-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

¡A bañarse! (castelán)

ISBN 978-84-1343-234-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Som-hi, a banyar-se! (català)

ISBN 978-84-18558-70-2. Álbum ilustrat. Obres d'autor.

Bainura! (euskara)

ISBN 978-84-9172-339-4. Album irudidunak. Egile-lanak.

Já para o banho! (português)

ISBN 978-972-8781-97-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Val a fare il bagno! (italiano)

ISBN 978-84-1343-223-6. Albo ilustrato. Gli albi di autore.

—León! A bañarse! Sacar a roupa.

—Que dis, mamá? Sacar a roupa un león?


Vale, se non hai máis remedio...

A hora do baño pode ser un momento de xogo e diversión, como demostra esta obra do deseñador xaponés Taro Gomi. Ademais de gozar das ilustracións, realizadas dun modo similar ao que practican os nenos cos seus debuxos, «A bañarse!» tamén é unha ferramenta de apoio para que nais e pais axuden aos seus fillos a gañar en autonomía. A medida que poden ir prescindindo da axuda dos adultos para facer tarefas sinxelas, como comer sós ou asearse, os nenos necesitarán pautas de acción ou comportamento para aquilo que poden comezar a facer por si mesmos.

A linguaxe infantil está presente ao longo de todo o libro, con onomatopeas, xogos visuais e de palabras que o converterán en algo próximo e atractivo. Ao protagonista do relato, como á maioría dos nenos, bañarse prodúcelle certa preguiza, sobre todo ao ter que dar por finalizada a hora de xogar. Outra estratexia do autor é a de converter o neno -mediante un simple disfraz- nun animal como o león para transmitirle a diferenza entre os animais salvaxes e os humanos: os primeiros non usan roupa nin se lavan con xabón...

Así, sacar o chaleco, o pantalón ou a roupa interior serán pasos ineludibles para acabar na bañeira, onde o xogo non ten por que concluír, se tamén ao momento do baño se lle bota certa imaxinación...

Unha das características da obra de Taro Gomi é a liberdade creativa e a tendencia a romper convencións impostas polo pudor da sociedade. Desta maneira, o ilustrador aposta por reflectir a nudez do neno con total naturalidade.



- **Temática:** a hora do baño.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** linguaxe e ilustracións sinxelas; contribúe á autonomía dos nenos; representa o corpo con naturalidade; disfraces; relacións familiares, xogo, humor.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-banharse-g>

Taro Gomi

(Toquio, 1945)

Graduouse no Instituto de Deseño Kuwazawa, onde iniciou a súa traxectoria como deseñador industrial e gráfico. Publicou uns 300 libros e os seus lectores, tanto en Asia como no resto do mundo, abranguen unha ampla franxa de idades, dende os primeiros anos da infancia ata os adultos. Así, as súas obras foron traducidas a 15 idiomas. Recibiu varios premios, nacionais e internacionais, como o da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Ademais de facer libros para nenos, tamén adquiriu fama noutros ámbitos artísticos, como o deseño de moda, a produción de animacións para público xuvenil, CD-ROM ou ensaios, entre outros.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com